



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

## SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 12 DE

MARZO DE 2012

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás dez horas do día doce de marzo de dous mil doce, baixo a presidencia do señor alcalde don Manuel Rivas Caridad, réunese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 997 de data 17 de xuño de 2011: dona Maria Jesús González Roel, don Felipe Andreu Barallobre, dona Rocio Vila Díaz, don Fernando Caride Suárez, dona Marta Maria Vázquez Golpe, don Santiago Manuel Ríos Rama e don Manuel Marante Gómez.

Intervén como secretaria da Corporación dona Maria Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examínanse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

### 1º.-Aprobación, se procede, dos borradores das actas das sesións ordinarias de datas 22 de febreiro, 27 de febreiro e 5 de marzo de 2012.

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación aos borradores das actas correspondentes ás sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local de datas 22 de febreiro, 27 de febreiro e 5 de marzo de de 2012 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito membros que a compoñen, aprobou os citados borradores.

### 2º.- Correspondencia.

- Escrito da xefatura territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, rexistrado de entrada con data do día 5 de marzo de 2012 co número 2.732, no que para os efectos de dar cumprimento ao regulado no artigo 43.d) da Orde de 17 de marzo de 2007 (DOG do 19 de marzo), sobre admisión de alumnos en educación infantil, primaria e secundaria obrigatoria en centros sostidos con fondos públicos, roga que se designe un representante do concello para formar parte da comisión de escolarización para o curso 2012-2013.

### 3º.- Informe respecto das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área, e informes respecto doutros asuntos de área.

Os presentes danse por enterados das resolucións ditadas dende a última Xunta de Goberno Local.

Informes do concelleiro delegado da área de Deportes, Xuventude e Voluntariado

Don Fernando Caride Suárez informa que este fin de semana, de venres a domingo, tivo lugar a CambRED 2012, con grande afluencia de participantes, máis de oitenta. Realizouse sen ningún tipo de incidencia. Agradece á Xunta de Galicia a doazón dunha consola e unha cámara de fotos como premios para os participantes e a Telefónica por subministrar as redes de datos de Andalucía.

#### Informes do concelleiro delegado da área de Réxime Interior, Patrimonio e Contratación

Don Felipe Andreu Barallobre informa que hai varios expedientes de contratación abertos e se está dando preferencia aos que teñen un prazo que cumprir.

Respecto das obras do POS adicional 1/2011 “renovación de firme no camiño de Cela-Canal, Cambre” o prazo de presentación de ofertas é ata o día 14 de marzo.

Respecto da “realización de auditorías enerxéticas nos edificios e instalacións de iluminación pública (Inega)”, para a que se solicitou unha subvención ao Inega; estase coa apertura dos sobre “A”.

A seguir, informa respecto da obra incluída no POS 2011, “rehabilitación fontes Toural e Souto” e manifesta que están abertos os sobres “B” de “referencias técnicas” e se está pendente da avaliación da documentación técnica.

En canto á cuberta da pista polideportiva CEIP Portofaro, manifesta que se emitiu informe polo director da obra e a arquitecta municipal para que se modifique o proxecto, se presentaron alegacións polo proxectista e está para revisar pola arquitecta municipal e polo director da obra.

A continuación, informa que están preparados os expedientes de “mantemento preventivo das instalacións térmicas” e “mantemento zonas verdes”.

Don Felipe Andreu Barallobre informa que asinou unha providencia para que todos os procedementos negociados sen publicidade se publiquen en prensa, agás aqueles nos que por problemas de prazos, de necesidade, non dea tempo e, entón, se enviarán invitacións.

Así mesmo, informa que solicitou á técnica de xestión de Administración xeral un informe respecto da idoneidade ou non de que os contratos menores se xestionen en cada área, dado que no departamento de Contratación hai como un embude, os expedientes os ten que asinar el e cre que hai que ter unha maior axilización, non se pode tardar tres meses en realizar un contrato menor.

Para rematar, don Felipe Andreu Barallobre informa que no Diario Oficial de Galicia número 50, de data do día 12 de marzo de 2012, se publicou a Orde de 29 de febreiro de 2012, da Consellería de Traballo e Benestar, pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2012. Informa que o ano pasado se contrataron unhas vinte persoas. Este ano soamente serán seis durante o prazo de nove meses e, se é ao 75% da xornada, se pode ter un ano, pero o problema é



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

que nos comprometemos a asumir a unha desas persoas seis meses máis. Di que se está a estudar.

#### Informes da concelleira delegada da área de Urbanismo e Medio Ambiente

Dona Rocío Vila Díaz informa que se incluírá no vindeiro pleno unha proposta respecto da formación da comisión de derrega co Concello de Carral.

A seguir, informa que esta semana se remitirá ao departamento de contratación o informe en canto á cuberta da casa do concello, se cambia todo e ten un custo aproximado de 31.000 euros.

Para concluír, dona Rocío Vila Díaz informa que na escola de música hai un problema coa calefacción, a cal non chega a quentar, ten que estar funcionando todo o día para que quente. Solicitou un informe para coñecer que se debe facer.

O señor alcalde engade que se debería solicitar un estudo non soamente sobre o tema da calefacción, senón sobre todos os problemas que ten ese edificio: humidades, solo, etc...

#### Informes do concelleiro delegado da área de Obras e Servizos

Don Manuel Marante Gómez informa que solicitou a Patrimonio a autorización correspondente para podar as árbores da “carretera da Estación”, en Cambre. A citada poda fáraa a Deputación provincial.

Tamén informa respecto do falado de designar o nome de “praza de San Marcos” na parroquia de Anceis, e manifesta que falará cos catro veciños afectados.

#### Informes do concelleiro delegado da área de Cultura e Turismo

Don Santiago Manuel Rios Rama informa que o vindeiro venres día 16 terá lugar a inauguración da exposición do grupo pictórico “O salseiro”, ás 20,00 horas na biblioteca central de Cambre. A seguinte exposición será de don Xabier Magalhaës, pintor de Vigo.

Tamén informa que o vindeiro sábado día 17, ás 20,30 horas, actuará a banda de música Sementeira no local da “Juventud de Cecebre”, a cal interpretará os temas seleccionados polo público no seu último concerto e será con motivo de celebrar os vinte e cinco anos da súa fundación.

A seguir, informa que o sábado día 17, ás 17,00 horas, comezará, de xeito experimental, un ciclo de cine. Será no centro sociocultural do Graxal, na parroquia do Temple e será de balde.

Para rematar, don Santiago Manuel Rios Rama informa que o chamou o representante de Susana Seivane para estudar se se pode facer un concerto aquí en Cambre e se se fará algunha homenaxe ao seu avó, falecido recentemente.

#### Informes da concelleira delegada da área de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación

Dona Maria Jesús González Roel informa que o venres día 16 terá lugar unha xornada no pazo de Mariñán, para celebrar os dez anos do Plan de coordinación de servizos sociais no consorcio. Tratarase de consorciar servizos. Seguramente será presidida pola vicepresidenta da excma. Deputación provincial da Coruña. Tamén estarán invitados outros concellos e cadanseu presentará os seus proxectos. No caso do Concello de Cambre, presentarase o proxecto de voluntariado, o cal está a ser xestionado con grande éxito.

#### Informes da concelleira delegada da área de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo

Dona Marta Maria Vázquez Golpe informa que, en relación co Real decreto 4/2012, de 24 de febreiro, respecto do mecanismo de pagamento a provedores das entidades locais, se intentará aboar todas as facturas pendentes do ano 2012 antes do xoves día 15, para non ter que certificar as facturas. A Deputación provincial adiantou a súa achega de dous meses e por conta disto se pagarán as facturas.

A seguir, informa que a Xunta de Galicia aprobou dous novos certificados de profesionalidade que son: un de xestión administrativa e outro de atención sociosanitaria en centros.

Para rematar, dona Marta Maria Vázquez Golpe informa que o vindeiro venres día 16 recibirá a visita de representantes de “Granxa o cancelo”, que pertence á cooperativa agraria provincial da Coruña, que solicitan a instalación de tres máquinas expendedoras de leite no termo municipal. Propoñen tres situacións: unha no Temple, outra na Barcala e outra en Cambre. Continúa a dicir que estudarán a proposta e que, en principio, o consideran positivo.

#### Informes da alcaldía

O señor alcalde informa que hoxe día 12 de marzo, ás 13,00 horas, terá lugar a sesión extraordinaria da “Asamblea Intermunicipal de la Mancomunidad de Municipios del área del de La Coruña” no pazo municipal de Maria Pita, A Coruña, coa seguinte orde do día: Sesión constitutiva. Punto único. Constitución dos órganos de goberno da mancomunidad. Constitución da asemblea intermunicipal. Nomeamento de vicepresidentes. Constitución da comisión xestora.

Tamén informa que hoxe día 12 de marzo, ás 13,30 horas, terá lugar a sesión extraordinaria da “Asamblea Intermunicipal de la Mancomunidad de Municipios del área del de La Coruña” no pazo municipal de Maria Pita, A Coruña, coa seguinte orde do día: Sesión para a disolución. 1.- Acordo provisional de disolución da mancomunidad. 2.- Constitución provisional da comisión xestora en comisión liquidadora.

A este respecto, o señor alcalde engade que os concellos do consorcio teñen un problema co Concello de Oleiros, dado que o Concello de Oleiros, pola encomenda de xestión efectuada pola mancomunidad, xestionou no seu momento a subvención coa que se adquiriron os camións, contedores, etc., do servizo de recollida de lixo e se lle debe ao Concello de Oleiros uns 660.000 euros.



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as once horas e quince minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

A secretaria



Manuel Rivas Caridad



Maria Luisa de la Red Ampudia

C.I.F. P-1501700-G